



BOP

SÁBADO, 27 DE XANEIRO DE 2024

N.º 023

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data 18.01.2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de novembro de 2023 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 6.075,80 € e programa básico de axuda no fogar por un importe de 110€.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 19 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0199

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de xaneiro 2024, cuadrimestrais e anual, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2023/2024, por un importe total de 9.547,01€.

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 17 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0200

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 2606/2023 E 2607/2023. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. NOVEMBRO 2023.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2023 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 10.102,19 €, correspondendo 1.207,80 € a libre concorrencia e 8.894,39 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as

reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 12 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa – Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 0201

CERVANTES

Anuncio

CORRECCIÓN ERRO ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2024

Expediente núm.: 371/2023

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do Concello para o 2024 e comprensivo aquel do Orzamento Xeral deste Concello, as Bases de Execución e o plantel de persoal, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, publícase corrección de erros do anuncio núm. 017 de 20 de xaneiro no Boletín Oficial da Provincia:

Onde di:

CAPÍTULO 1: Impostos Directos	251.983,00 €
-------------------------------	--------------

Debe decir:

CAPÍTULO 1: Impostos Directos	253.482,00 €
-------------------------------	--------------

Cervantes, 22 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Benigno Gómez Tadin.

R. 0202

MEIRA

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERRO NO ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2024.

Advertido un erro no anuncio publicado no BOP número 017, de data 20 de xaneiro de 2024, de aprobación definitiva do orzamento do Concello de Meira para o exercicio 2024. Clasificación Económica. Capítulos do orzamento de ingresos,

Onde dí:

9 Pasivos financeiros 60.000,00,

Debe dicir:

9 Pasivos financeiros 0,00.

Meira, 25 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0236

PANTÓN

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non sendo posible a notificación no último domicilio coñecido e ignorando o lugar de notificación faise pública o Decreto da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2024 pola cal procédese á declaración de baixa de oficio por non residir no citado inmovible da cal se relacionan no anexo adxunto, sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

PRIMERO.- Declarar a baixa da inscrición padroal das persoas que se relaciona no anexo, acordando a súa baixa no vixente Padrón Municipal de Habitantes deste Municipio, con efectos da data en que lles sea notificada a presente resolución, ben persoalmente ou mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

SEGUNDO.- Comunicar ao INE a correspondente baixa no ficheiro mensual de variacións.

-Iniciar expediente de baixa de oficio a nome de:

<u>PASAPORTE</u>	<u>Apelidos e nome</u>	<u>ENDEREZO</u>
- Y03776285K	Lev BerlinRaut	O TORRÓN, 15-SAN VICENTE DE POMBEIRO
- Y09998955H	Maria Novikova	O TORRÓN, 15-SAN VICENTE DE POMBEIRO

TERCEIRO Acordar a baixa no Padrón municipal de habitantes das inscricións que anteceden, que terá efectos desde a data da notificación da presente resolución.

CUARTO.- Notifíquelles a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición, potestativo, ante o Ilmo. Sr. Alcalde no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel no que se reciba a presente notificación (art. 107, art. 116 e art. 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución ou, de ser o caso, dous meses a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. No caso de que non se produza esta resolución expresa, o prazo será de seis meses, contados dende o seguinte a aquel no que se produza o acto presunto (art. 72 da Lei 4/1996, de 10 de xaneiro, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, art. 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).
- Tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente en defensa dos seus intereses. Así mesmo, a teor do establecido no art. 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,ponse en coñecemento de todas aquelas persoas interesadas que, no PRAZO DE DEZ DÍAS a partir da publicación do presente anuncio, poderán solicitar copia do texto íntegro do devandito acto.

Pantón, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0203

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

EXTE. N.º 156/2022

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO DE UNHA PRAZA DE “TRABALLADOR/A SOCIAL” A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, DA OPE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO DO ANO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

D. JOSÉ LUIS RAPOSO MAGDALENA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, LUGO

Visto que polo Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 15 de decembro de 2022 acordouse aprobar a convocatoria e bases para cubrir como persoal laboral fixo, unha praza de TRABALLADOR/A SOCIAL a través do sistema de concurso, da OPE do ano 2022 para a estabilización de emprego temporal.

Visto que as bases que rexerán a convocatoria deste proceso selectivo foron publicadas íntegramente no BOP de Lugo, n.º 295 do 27 de decembro de 2022 e o anuncio no DOGA n.º 194 do 11 de outubro de 2023 e no BOE n.º 299 do 15 de decembro de 2023

Visto que con data 16 de xaneiro de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo obxecto desta convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, (con indicación do motivo de exclusión), no proceso selectivo indicado, que se indica a continuación:

ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI/NIE	PROBA DE GALEGO
1	BOUZA PIÑÓN, LORENA	***1730**	NON
2	FERNÁNDEZ AIRA, ELVIRA	***4197**	NON
3	GARCÍA LÓPEZ, ENMA	***2183**	NON
4	RODRÍGUEZ LÓPEZ, OSCAR JOSÉ	***4171**	NON
5	TOTORICABUENA ANTAS, IZASKUN	***3171**	NON

EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI/NIE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	CÓRCOBA BLANCO, ESTEFANÍA	***2692*	Non achega sinatura da instancia (subsancable) e copia auténtica da titulación (subsancable)
2	FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, MARÍA JESÚS	***3510**	Instancia incompleta (subsancable) e copia auténtica da titulación (subsancable)

Segundo.- Esta resolución expoñeráse no taboleiro de anuncios da sede electrónica e publicarase no BOP de Lugo. Os excluídos dispoñerán do prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións ou correccións das deficiencias sinaladas.

Ordénao e asínao o Sr Alcalde

Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción no libro de resolucións, aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

Pedrafita do Cebreiro, 19 de xaneiro de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0204

Anuncio

EXTE. N.º 156/2022

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO DE UNHA PRAZA DE “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL” A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, DA OPE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO DO ANO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

D. JOSÉ LUIS RAPOSO MAGDALENA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO, LUGO

Visto que polo Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 15 de decembro de 2022 acordouse aprobar a convocatoria e bases para cubrir como persoal laboral fixo, unha praza de **“AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”** a través do sistema de concurso, da OPE do ano 2022 para a estabilización de emprego temporal.

Visto que as bases que rexerán a convocatoria deste proceso selectivo foron publicadas íntegramente no BOP de Lugo, n.º 295 do 27 de decembro de 2022 e o anuncio no DOGA n.º 194 do 11 de outubro de 2023 e no BOE n.º 299 do 15 de decembro de 2023

Visto que con data 16 de xaneiro de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo obxecto desta convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, (con indicación do motivo de exclusión), no proceso selectivo indicado, que se indica a continuación:

ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI/NIE	PROBA DE GALEGO
1	ABELLEIRA LENCE, SUSANA MARÍA	***0755**	NON
2	ÁLVAREZ SALGADO, M. ^a ELVIRA	***8433**	NON
3	FELPETO LAMAS, JOSÉ ÁNGEL	***1953**	NON
4	FRANCO PINTOS, JOSÉ LUIS	***5486**	NON
5	LÓPEZ NÚÑEZ, ELENA	***6009**	NON
6	PÉREZ MÉNDEZ, TRINIDAD	***7906**	NON
7	PILLADO ROZAS, PAULA	***3774**	NON
8	RIOJA MIGUEZ, DAVID	***4546**	NON

Segundo.- Esta resolución expoñeráse no taboleiro de anuncios da sede electrónica e publicarase no BOP de Lugo. Os excluídos dispoñerán do prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións ou correccións das deficiencias sinaladas.

Ordénao e asínao o Sr Alcalde

Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción no libro de resolucións, aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade

Pedrafita do Cebreiro, 19 de xaneiro de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0205

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Expte. 509/2023

RESOLUCIÓN

Visto o expediente que se tramita da convocatoria de 5 prazas de auxiliar de axuda no fogar mediante o procedemento de CONCURSO dentro do Plan de estabilización de emprego temporal do Concello da Pobra do Brollón, conforme o disposto nas bases da convocatoria, e rematado o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as que se detalla a continuación:

ADMITIDOS

Apelidos e Nome	D.N.I.
Docasar Freán Lucía	342****7N
Fernández Dos Santos Silvia Patricia	X44****3A
Fernández López Enma	342****7G
Méndez Hiebra María Belén	342****4T
Pérez Ayán María del Pilar	342****4Y
Vizcaíno Rivera Hilda	342****4K

EXCLUÍDOS

Ningún.

SEGUNDO.- Elevar a lista provisional á definitiva de aspirantes admitidos/as.

TERCEIRO.- Nomear o Tribunal Cualificador que queda composto polos seguintes membros:

Presidente

Don. Rafael Castillo Reboiro, secretario do Concello da Pobra do Brollón (Lugo)

Vogais:

- Dona Laura Estrada Pérez, Traballadora Social do Concello de Monforte de Lemos.
- Dona M^a Jesús Veigas López, Traballadora Social do Concello de O Incio.
- Dona Ana De la Torre Alvaredo, Traballadora Social do Concello de Sober.
- Dona Nuria Varela San Martín, Auxiliar administrativa S Sociais do Concello da Pobra do Brollón

Vogal e secretaria

- Dona M^a José López Morgade, Administrativa do Concello da Pobra do Brollón

CUARTO.-Citar os membros do tribunal o luns día **04/03/2024 ás 13:00** horas na Casa do Concello para a avaliación de méritos.

QUINTO.-Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Pobra do Brollón.

Mandouno e asina

A Pobra do Brollón, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0206

Anuncio

Expte. 145/2023

RESOLUCIÓN

Visto o expediente que se tramita da convocatoria de 2 prazas de PEÓN LIMPADOR edificios municipais mediante o procedemento de CONCURSO dentro do Plan de estabilización de emprego temporal do Concello da Pobra do Brollón, conforme o disposto nas bases da convocatoria, e rematado o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as que se detalla a continuación:

ADMITIDOS

Apelidos e Nome	D.N.I.
Balado Blanco María Pilar	342****8J

Bouzas Vázquez Rosa	769****0N
Rodríguez Quiroga Maria Del Mar	342****8H
Sánchez González Estela	049****7W

EXCLUÍDOS

Ningún.

SEGUNDO.- Elevar a lista provisional á definitiva de aspirantes admitidos/as.

TERCEIRO.- Nomear o Tribunal Cualificador que queda composto polos seguintes membros:

Presidente

Don. Rafael Castillo Reboiro, secretario do Concello da Pobra do Brollón (Lugo)

Vogais:

- Dona Laura Estrada Pérez, Traballadora Social do Concello de Monforte de Lemos
- Dona M^a Jesús Veigas López, Traballadora Social do Concello de O Incio
- Dona Ana De La Torre Alvaredo, Traballadora social Concello de Sober

Vogal e secretaria

- Dona M^a José López Morgade, Administrativa do Concello da Pobra do Brollón

CUARTO.-Citar os membros do tribunal o luns día **04/03/2024 ás 12:00** horas na Casa do Concello para a avaliación de méritos.

QUINTO.-Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Pobra do Brollón.

A Pobra do Brollón, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0207

Anuncio

Expediente. 523/2023

RESOLUCIÓN

Visto o expediente que se tramita da convocatoria de 1 praza de CAPTAZ de OBRAS mediante o procedemento de CONCURSO dentro do Plan de estabilización de emprego temporal do Concello da Pobra do Brollón, conforme o disposto nas bases da convocatoria, e rematado o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as que se detalla a continuación:

ADMITIDOS

Apelidos e Nome	D.N.I.
Manuel A. De la Fuente Díaz	342****8S

EXCLUÍDOS

Ningún.

SEGUNDO.- Elevar a lista provisional á definitiva de aspirantes admitidos/as.

TERCEIRO.- Nomear o Tribunal Cualificador que queda composto polos seguintes membros:

Presidente

Don. Rafael Castillo Reboiro, secretario do Concello da Pobra do Brollón (Lugo).

Vogais:

- D. José Vide Páez, Capataz-fontaneiro do Concello da Pobra do Brollón (Lugo).

- D. Joel Iglesias Vizcaíno, Capataz-electricista do Concello da Pobra do Brollón (Lugo).
- D. José Souto Quiroga, Administrativo do Concello da Pobra do Brollón (Lugo).
- D^a María José López Morgade, Administrativa do Concello da Pobra do Brollón (Lugo).

Secretaria:

- Dona M^a José López Morgade, Administrativa do Concello da Pobra do Brollón

CUARTO.-Citar os membros do tribunal o luns día **04/03/2024 ás 10:00 horas** na Casa do Concello para a avaliación de méritos.

QUINTO.-Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Pobra do Brollón.

A Pobra do Brollón, 19 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0208

RIBADEO

Anuncio

O Pleno do Concello con data 4 de decembro de 2023 aprobou inicialmente o documento de modificacións da RPT municipal do Concello de Ribadeo.

Foi sometido a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 13 de decembro de 2023 e mais no tablón de anuncios e sede electrónica da web municipal www.ribadeo.gal sen que, durante o período regulamentario se formularan alegacións ou reclamacións segundo consta en certificación estendida no expediente, considerándose por isto aprobado definitivamente o documento indicado.

En cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia publícase a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) de referencia segundo se detalla a continuación:

Contra a aprobación definitiva da modificación da RPT sinalada poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que dictou o acordo no prazo dun mes.

A) PERSOAL FUNCIONARIO

Creación dos seguintes postos:

CENTRO DIRECTIVO OU UNIDADE ADMINISTRATIVA: 00 SECRETARIA XERAL DA CORPORACION

Cód.	Denom. Posto	Dot	Nivel CD	CE mes	Tipo Posto	F.P.	Admón.	Grupo	Escala	Titulac.	Observac.
0009	Técnico de Xestión	1	22	966,13	N	O	AL	A2	FAG	Grao U.	Adxunto Secretaria
0010	Técnico de Xestión	1	22	966,13	N	O	AL	A2	FAG	Grao U.	Persoal RR.HH.

0009.- Técnico de Xestión.-

Correspóndenlle as funcións seguintes:

Correspóndese cunha Xefatura de sección no Servizo Negociado nº 2 de Secretaría, coas responsabilidades equivalentes a unha Xefatura de sección e coas seguintes funcións, e para as actividades e servizos municipais seguintes:

De colaboración en actividades administrativas así como tarefas propias de xestión administrativa que correspondan a nivel medio, elaborando borradores de informe e proposta de resolución para as seguintes materias: urbanismo (licencias urbanísticas, expedientes de legalidade urbanística, expedientes sancionadores en materia urbanística, ordes de execución), estatística (padrón municipal habitantes, censos de poboación, censos e procesos electorais), bens (inventario, alleamentos, deslindes e conservación), Procedementos de tráfico, traballos de apoio á Alcaldía e ás Concellerías delegadas nos ámbitos relacionados co posto de traballo.

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

As características que configuran o posto son a seguintes:

- a) As condicións xerais do posto determinan a aplicación dun CD nivel 22 .
- b) As condicións particulares do mesmo determinan un CE mensual de 966,13 €

0010- Técnico de Xestión. Persoal RR.HH.

Coas responsabilidades equivalentes a unha Xefatura de sección correspondenlle as seguintes funcións e tramitación de expedientes:

Expedientes relativos ao persoal funcionario, laboral e eventual.

Procedementos de selección de persoal (Funcionario e laboral).

Procedementos de xestión de contratación laboral temporal para os diferentes servizos ou áreas municipais.

Seguemento de altas, variacións e baixas no réxime da Seguridade Social.

Confección partes de variacións e incidencias nás nóminas do persoal.

Permisos e vacacións do persoal municipal.

Confección e xestións de expedientes de RPT / Anexos de persoal / modificacións correspondentes.

Expedientes relativo a eleccións sindicais (persoal laboral e funcionario)

En materia de orientación laboral:

No marco das actividades de competencia autonómica relacionadas coa orientación laboral, entre outras as seguintes funcións:

- Posta en marcha de accións individuais e grupais e de desenvolvemento persoal: mellora das competencias para o emprego, mellora do CV, preparación de entrevistas de traballo, ferramentas para a busca de emprego, etc.
- Planificación, deseño e coordinación do desenvolvemento de obradoiros para a mellora das competencias transversais e básicas: obradoiros de idiomas, competencias dixitais, riscos laborais, motivación, habilidades sociais e destrezas para a busca de emprego, competencias clave.
- Participación en accións de prospección e intermediación laboral. Xestión e mellora da bolsa de emprego do concello de Ribadeo. Actualización deste recurso a través das novas tecnoloxías.
- Creación de grupos de busca activa de emprego, a través do traballo colaborativo en rede.
- Análise e asesoramento sobre o mercado laboral, recursos do territorio e políticas activas de emprego.
- Dinamización das redes sociais dependentes do servizo. Difusión de información sobre ofertas de emprego, identificación de oportunidades de formación e outras novas no eido do emprego.
- Asesoramento no proceso de acreditación de competencias e certificados de profesionalidade.
- Elaboración de informes e documentación necesaria para o desenvolvemento e xustificación das accións do programa.
- Xestión de expedientes individualizados e, en xeral, as medidas que se dirixan a mellorar a empregabilidade e inserción das persoas beneficiarias do Programa Integral de Empregabilidade e Inserción Laboral (PIEI).- Apoio na xestión doutros programas de emprego que se leven a cabo no Concello de Ribadeo.- Apoio, coordinación e colaboración co persoal do departamento.

Para as empresas: Realización de accións de intermediación laboral: contacto directo e personalizado coas empresas interesadas, publicación de ofertas de emprego, facilitar a conexión coas persoas traballadoras máis axeitadas para o perfil requirido.

- Observatorio de emprego municipal e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público

Calquera outra xestión relacionada cos RR.HH. da entidade agás a confección de nóminas do persoal e cargos corporativos.

- a) As condicións xerais do posto determinan a aplicación dun CD nivel 22 .
- b) As condicións particulares do mesmo determinan un CE mensual de 966,13 €

B) PERSOAL LABORAL.-

- a) Creación dos seguintes postos:

PERSOAL LABORAL FIXO

Cód.	Denom. Posto	Dot	Nivel CD	CE mes	Tipo Posto	F.P.	Admón.	Grupo	Escala	Titulac.	Observac.
1031/3	Chófer rozadora	1	1	16	164,35	N	CO	C2	LAE	ESO	Carnet conducir clase C

1031.- Chofer rozadora.- Correspóndenlle as funcións de condución dos vehículos tractor-rozadora do concello desenvolvendo as funcións propias de chófer así como as de mantemento mecánico dos vehículos coa realización de pequenas reparacións e conservación dos mesmos.

Ademais tamén lle corresponden as funcións de conservación e mantemento de toda a maquinaria municipal.

En función das necesidades dos servizos poderá ser requirido para a condución dos outros vehículos municipais cos que conte o Concello (camións, tratores, pala retroexcavadora, etc. etc.).

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

As características que configuran o posto son a seguintes:

- As condicións xerais do posto determinan a aplicación dun CD nivel 16.
- As condicións particulares do mesmo determinan un CE mensual de 164,35 €.

B) MODIFICACIÓNS.-**PERSOAL LABORAL FIXO**

Cód.	Denom. Posto	Dotac	Período Trabajo (*)	Salario mes	F.P.	Admón	Equip Grupo	Escala	Titulación	Observac.
FD000 1	1 Xefe Socorrismo	1	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	C1	LAE	Socorrista.Patrón Embarc.Deport.	Licencia Anual renovada
FD000 2	Socorristas	15	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	C1	LAE	Socorrista	Licencia anual renovada
FD000 3	Técnico.Emerx. Sanitarias	3	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	C1	LAE	Titulac. Emerxencias 1ºs auxilios	
FD000 6	Operario Limpeza praias	4	Verano 3 meses	Orztº. municipal	CO	AL	E	LAE		

- Incrementase en 0,5 meses o período de desenvolvemento dos traballos durante o veran de cada ano.

Ribadeo, 16 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 0209

TABOADA*Anuncio***PUBLICACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT DO CONCELLO DE TABOADA.****EXP G438/2023.**

O Pleno do Concello de Taboada en sesión extraordinaria de data 1 de decembro de 2023 acordou aprobar a modificación puntual da Relación de Postos de Trabajo do Concello de Taboada, resultando o acordo elevado a definitivo ante a ausencia de reclamacións durante o prazo de exposición ao público.

De conformidade co establecido no artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, por medio do presente anuncio procédese á publicación da modificación, resulta ser a seguinte:

A) PERSOAL LABORAL FIXO

<u>PUESTO</u>	<u>CÓDIGO</u>	<u>MODIFICACIÓN</u>	<u>FUNCIONES</u>
LIMPADOR/A	2009A LABORAL FIXO	-Incremento en 1 praza, tras proceso de estabilización.	-Limpeza, aseo e orde de edificios e instalacións municipais. -Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.
<u>PUESTO</u>	<u>CÓDIGO</u>	<u>MODIFICACIÓN</u>	<u>FUNCIONES</u>
<u>MONITOR/A DE DEPORTES/TÉCNICO/A DEPORTIVO/A</u>	4002 LABORAL FIXO	-CAMBIO DE MEDIA XORNADA (50%) a XORNADA AO 75%.	-Programación anual das actividades deportivas municipais -Impartición de formación deportiva de calquera especialidade -Organización dos servizos necesarios para a execución das actividades deportivas (transporte, aloxamento, comidas, etc.) cando se desenvolvan fora do municipio -Traballo administrativo relacionado coas funcións do posto -Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

<u>PUESTO</u>	<u>CÓDIGO</u>	<u>MODIFICACIÓN</u>	<u>FUNCIONES</u>
<u>AUXILIAR DE SAF</u>	3008 LABORAL FIXO	-POSTO DE NOVA CREACIÓN -PRAZAS 21	-Atención directa ós usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio, incluíndo: <ul style="list-style-type: none"> o Tarefas do fogar, incluso a comida o Coidados de aseo, medicación baixo control médico, etc. de persoas maiores o Acompañamento o Apoio psicolóxico -E, en xeral, as definidas na Ordenanza reguladora do servizo. -Calquera outra, relacionada co posto, que lle encomende o seu superior xerárquico

Cód.	Denominación do posto	Dot	Dotación económica	FP	Tipo de contrato	Grupo	Titulación académica	Formación específica	Observacións
2009A	Limpador/a	3	14.732,12 €	C	Fixo	V	Sen requirimentos formativos	-	Unha delas creada en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

3008	Auxiliares SAF	14	10.327,44 €	C	Fixo	V	Sen requirimentos formativos	-	Prazas creadas en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
3008	Auxiliares SAF	1	737,82 €	V	Fixo	V	Sen requirimentos formativos	-	Prazas creadas en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
3008	Auxiliares SAF	6	4.426,90 €	C	Fixo	V	Sen requirimentos formativos	-	Prazas creadas en aplicación da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
4002	Monitor/a deportes/ Técnico/a deportivo/a	1	18.036,69€	C	Fixo	IV	Mestre na especialidade de Educación Física, equivalente ou superior	-	

Taboada, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0210

TRABADA

Anuncio

NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE.

Que na Resolución de Alcaldía número 23/2024 asinada en data 22 de xaneiro de 2024 se adoptou os seguintes acordos:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

En virtude do establecido nos artigos 21 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no 62 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, do Réxime Local de Galicia, así como nos artigos 47 e 48 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, a designación e nomeamento dos Tenentes de Alcalde é competencia exclusiva e indelegable do Sr. Alcalde;

Visto que na sesión extraordinaria de Pleno celebrado en data 19 de xaneiro de 2024 saíu elixido un novo Alcalde- Presidente do Concello de Trabada, Don Rubén García Freije, como consecuencia da renuncia presentada pola anterior Alcaldesa Dona Mayra García Bermúdez que foi tomada en consideración polo Pleno en sesión extraordinaria de data 12 de xaneiro de 2024;

Considerando que debe existir unha modificación na designación dos Tenentes de Alcalde posto que o novo Sr. Alcalde ostentaba o cargo de segundo Tenente de Alcalde;

*En virtude do establecido nas disposicións referenciadas no apartado anterior con data de hoxe, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde do Concello de Trabada, con efectos do día de hoxe, ás concelleiras seguintes:

- Primeira Tenente de Alcalde: Dona Julia María Barcia Rodríguez.
- Segunda Tenente de Alcalde: Dona Suevia Reimonde Gasalla.
- Terceiro Tenente de Alcalde: Dona María del Carmen Amor Prieto

SEGUNDO.- Establecer que no caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que ten asignadas a mesma serán realizadas pola primeira Tenente de Alcalde Dona Julia María Barcia Rodríguez e no seu defecto polos seguintes Tenentes de Alcalde.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ós efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta o Pleno do Concello desta Resolución na seguinte sesión ordinaria.”

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Rubén García Freije.

R. 0211

Anuncio

MODIFICACIÓN NA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NO HORARIO DAS SESIÓNS ORDINARIAS.

Que na Resolución de Alcaldía número 24/2024 asinada en data 22 de xaneiro de 2024 se tomou o seguinte acordo:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Visto que na sesión extraordinaria de Pleno celebrado en data 19 de xaneiro de 2024 saíu elixido un novo Alcalde- Presidente do Concello de Trabada, Don Rubén García Freije, como consecuencia da renuncia presentada pola anterior Alcaldesa Dona Mayra García Bermúdez que foi tomada en consideración polo Pleno en sesión extraordinaria de data 12 de xaneiro de 2024;

Considerando que debe existir unha modificación na composición da Xunta de Goberno Local posto que o novo Alcalde será o Presidente da Xunta de Goberno Local, cando con anterioridade era membro- vocal da mesma;

En virtude do establecido nas disposicións referenciadas no apartado anterior con data de hoxe, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da composición da Xunta de Goberno Local, que pasaría a estar integrada como Presidente polo Sr. Alcalde do Concello de Trabada, Don Rubén García Freije e polos seguintes Tenentes de Alcalde:

- Dona Julia María Barcia Rodríguez.
- Dona Suevia Reimonde Gasalla.
- Dona María del Carmen Amor Prieto.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno local celebrará sesións ordinarias o ultimo mércores de cada mes as 11:00 horas, e extraordinarias cando sexa necesario

CUARTO. Publicar o presente acordo no BOP da Lugo ós efectos oportunos.”

O que se publica ós efectos oportunos.

Trabada, 22 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Rubén García Freije.

R. 0212